

### **ANEXO III: AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE DEREITOS SOBRE IMAXES, VÍDEOS OU CONTIDO AUDIOVISUAL PARA A SÚA PUBLICACIÓN NA WEB DO CONCURSO, ESPECÍFICA PARA OS EQUIPOS QUE RESULTEN GANADORES**

UNHA VEZ INFORMADO/A/S, ESTA AUTORIZACIÓN IMPLICA A CESIÓN DOS DEREITOS SOBRE AS IMAXES, VÍDEOS OU CALQUERA OUTRO CONTIDO AUDIOVISUAL REQUIRIDO AOS PARTICIPANTES DOS EQUIPOS QUE RESULTEN GANADORES, para a súa publicación na páxina web oficial do concurso (<https://consumopolis.consumo.gob.es>) e en páxinas web autonómicas oficiais.

Así mesmo, a **Dirección Xeral de Consumo do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030** xunto e os **organismos competentes en materia de consumo das comunidades autónomas** poderán publicar os devanditos vídeos e/ou imaxes co obxectivo de promocionar o Concurso en todos os medios e soportes que a Dirección Xeral de Consumo do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 e os citados organismos autonómicos teñan á súa disposición.

O ámbito territorial desta cesión é de carácter **internacional**, dada a presenza do responsable en Internet.

En consecuencia, autorízase expresamente a **Dirección Xeral de Consumo do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030** e os **organismos competentes en materia de consumo das comunidades autónomas** a reproducir, distribuír e comunicar publicamente o **nome, apelidos, imaxe persoal e/ou voz do menor de 14 anos representado** ou, no caso de ser **maior de 14 anos**, o seu **nome, apelidos, imaxe persoal e/ou voz**, coa finalidade de participar no Concurso e para os efectos informativos/promocionais.

Así mesmo, **cédense de forma gratuíta** os dereitos de imaxe e de reprodución das imaxes, vídeos ou calquera outro contido audiovisual relacionado co Concurso que sexa requirido aos participantes, que se poderán utilizar en medios de difusión xornalística ou publicitaria, con fins promocionais ou informativos do Concurso.

Esta cesión de dereitos de imaxe e/ou voz efectúase **sen limitación territorial nin xeográfica**, e polo **prazo estritamente necesario** para cumprir coa finalidade informativa e promocional para a que os datos foron recollidos, respectando, ademais do principio de **limitación do prazo de conservación**, os principios de **finalidade e lexitimidade** do tratamento.

E en sinal de **AUTORIZACIÓN** de todo o anteriormente exposto, asínase o presente documento en \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202.

Asdo.\*: \_\_\_\_\_

DNI n.º: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

DNI n.º: \_\_\_\_\_

(\*) Só é necesaria unha sinatura se só hai un/unha representante do menor de 14 anos ou se o/a asinante é maior de 14 anos.

## **ANEXO II: AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN EN CONSUMÓPOLIS E TRATAMIENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Consumópolis é un concurso que se desenvolve nunha plataforma virtual aloxada en Internet pola Dirección Xeral de Consumo do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030. O Concurso está dirixido a alumnado do último ciclo de Primaria, de Secundaria e de Formación Profesional Básica, baixo a supervisión dun/dunha docente, que coordina a actuación de cada equipo de cinco alumnos/as.

### **AUTORIZACIÓN**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_ e D./

D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en calidade de pai/s, nai/s, titor/a/es/as e/ou representante/s legal/legais do menor de 14 anos, declara/n que a información contida nesta autorización é verdadeira e correcta en todos os seus aspectos e AUTORIZA/N expresamente a \_\_\_\_\_, con data de nacemento \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, a inscribirse e participar no concurso Consumópolis sobre Consumo Responsable que organiza a Dirección Xeral de Consumo do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030. Así mesmo, e mediante esta autorización, acepto/a/n as bases do presente concurso e manifesto/a/n a conformidade co exposto nelas.

Eu, \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en calidade de alumno/a maior de 14 anos, ACEPTO inscribirme e participar no concurso Consumópolis sobre Consumo Responsable que organiza a Dirección Xeral de Consumo do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030. Así mesmo, e mediante esta autorización, acepto as bases do presente concurso e manifesto a miña conformidade co exposto nelas.

### **CLÁUSULA INFORMATIVA PARA O TRATAMIENTO DE DATOS PERSOAIS**

De acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase dos seguintes aspectos:

- O/a Responsable do Tratamento dos datos persoais do asinante maior de 14 anos ou, se é o caso, do representado menor de 14 anos será a Dirección Xeral de Consumo do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, con domicilio en Paseo del Prado, 18-20, 28014 Madrid, coa finalidade de promocionar o Concurso a nivel nacional e internacional. A base xurídica que lexitima este tratamento é o artigo 6.1.e) do RXPd, polo cal a persoa interesada dará o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos.
- Os datos identificativos do asinante maior de 14 anos ou, se é o caso, do representado menor de 14 anos serán tratados durante o período que dure o Concurso. Non obstante, para garantir a transparencia do concurso e para a súa promoción, os datos dos gañadores publicaranse na páxina web do Concurso durante cinco anos, ou ata que o/a participante solicite a supresión dos seus datos. Nalgúns casos, estes datos poderán ser utilizados para participar en programas europeos.
- Os/as representantes, o/a representado/a cando cumpra os 14 anos, e as persoas maiores de 14 anos poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación/supresión, oposición, limitación e portabilidade mediante correo postal ao enderezo indicado da Dirección Xeral de Consumo do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, achegando copia do seu DNI

ou documento equivalente, e identificándose como asinante desta autorización, ou electronicamente a través do formulario dispoñible na súa sede electrónica:

<https://consumo.sede.gob.es/procedimientos/portada/ida/3743/idp/1306>

- Así mesmo, no caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderán presentar unha reclamación ante a AEPD ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

- Delegado de Protección de Datos (DPD) do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, excluídos os Organismos Públicos adscritos ao Departamento:

 [dpd@dscg.gob.es](mailto:dpd@dscg.gob.es)

Coa sinatura do presente documento, o/os asinante/s:

☐ Declara/n ter sido informado/a/s de forma expresa sobre todos os puntos que aparecen relacionados neste documento e de que pode/n retirar o seu consentimento para o tratamento dos datos persoais en calquera momento.

☐ Outorga/n o seu consentimento inequívoco, libre e específico para que os datos persoais que sobre o seu representado/a e sobre si mesmo/a ou sobre ambos constan no documento de Autorización para participar en Consumópolis poidan ser incluídos nun ficheiro titularidade do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 e tratados co fin establecido no devandito documento.

Asdo.\*: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

DNI n.º: \_\_\_\_\_

DNI n.º: \_\_\_\_\_

(\*) Só é necesaria unha sinatura se só hai un/unha representante do menor de 14 anos ou se o/a asinante é maior de 14 anos.